



## **AUTOINFORME DE SEGUIMENTO**

**Grao en Enfermaría- INTERCAMPUS**

**Curso Académico: Curso 2016-2017**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras
  - Abertas curso 2016-2017
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
      - [AMG-1](#)
      - [AMG-10](#)
      - [AMG-11](#)
      - [AMG-12](#)
      - [AMG-13](#)
      - [AMG-14](#)
      - [AMG-15](#)
      - [AMG-16](#)
      - [AMG-17](#)
    - Criterio 2 – Información e Transparencia
    - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
      - [AMG-2](#)
      - [AMG-18](#)
      - [AMG-19](#)
      - [AMG-20](#)
      - [AMG-21](#)
    - Criterio 4 - Recursos humanos
      - [AMG-3](#)
      - [AMG-4](#)
      - [AMG-6](#)
      - [AMG-22](#)
      - [AMG-23](#)
    - Criterio 5 - Recursos materiais e servizos
      - [AMG-5](#)
    - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
      - [AMG-7](#)
      - [AMG-8](#)
      - [AMG-9](#)

- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
  - [AMG-24](#)
  
- Accións de Mellora curso 2017-2018
  - Criterio 1 Organización e desenvolvemento
    - [AMG-01](#)
  - Criterio 2 Información e transparencia
  - Criterio 3 Sistema de Garantía de Calidade
    - [AMG-02](#)
  - Criterio 4 Recursos Humanos
    - [AMG-04](#)
  - Criterio 5 Recursos materiais e servizos
  - Criterio 6 Resultados da aprendizaxe
    - [AMG-03](#)
  - Criterio 7 Indicadores de satisfacción e rendemento

<b><u>A) DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO</u></b>	
Denominación do título	Grao en Enfermaría
Mencións/Especialidades	--
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	--
Centro responsable	Facultade de Enfermaría
Centro/s onde se imparte	Escola Universitaria de Enfermaría
	Facultade de Enfermaría
Rama de coñecemento	Ciencias da Saúde
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Si/Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	11/07/2017

## CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A relevancia do título está xustificada nos seguintes aspectos que deben considerarse:

- 1) Un aumento notable da nota media para poder cursar o grao de enfermaría na Facultade de Santiago de Compostela (USC) e na Escola de Enfermaría de Lugo
- 2) Unha avaliación positiva da titulación por parte dos alumnos que completaron os seus estudos no centro
- 3) Unha demanda continua dos nosos graduados en Enfermaría como profesionais da saúde a nivel nacional e internacional.

O título ten unha demanda moi alta tanto na Facultade de Santiago como na Escola de Lugo.

**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos, ao ser establecidos de forma estimativa, non é o mais ideal para ás actividades formativas. Intentarase que os mesmos sexan mais homoxéneos en tamaño.

Anualmente os Departamentos implicados na docencia do título aproban as guías docentes nas que se recollen as actividades académica, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación. Tras esta aprobación as Xunta de Facultade e da Escola revisan que as guías estean conformes co establecido na Memoria Verificada do Título. (Xunta de Facultade de Enfermaría e Xunta de Escola de 7/07/2017)

Os **tamaños dos grupos** os podemos ver nos indicadores IN31G-PS-01 e IN32G-PS-01, nos que se constatan que unha tendencia a ir reducíndose.

### Grupos

Código	<b>IN31G-PS-01</b>
Nome	<b>Media de alumnos por grupo de teoría</b>
Procedemento de Cálculo	Relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de teoría.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Santiago</b>	<b>72,84</b>	<b>75,52</b>	<b>81,06</b>	<b>72,23</b>	<b>73,52</b>	<b>70,20</b>
<b>Lugo</b>	<b>63,33</b>	<b>65,74</b>	<b>66,70</b>	<b>69,92</b>	<b>69,88</b>	<b>59,18</b>

Código	<b>IN32G-PS-01</b>
Nome	<b>Media de alumnos por grupo de docencia interactiva</b>
Procedemento de Cálculo	Relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de docencia interactiva.

<b>Santiago</b>	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
Grupos de seminario	43,91	39,97	42,38	38,53	38,48	37,44
Grupos de laboratorio	23,42	22,70	23,36	21,49	21,13	20,28
Grupos clínicos	5,33	5,03	4,66	5,68	4,71	5,37
<b>Total</b>	<b>21,99</b>	<b>18,75</b>	<b>19,34</b>	<b>18,06</b>	<b>17,19</b>	<b>18,08</b>

<b>Lugo</b>	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
Grupos de seminario	24,33	35,61	36,69	37,88	38,14	32,10
Grupos de laboratorio	22,93	24,44	26,40	36,80	25,18	23,49
Grupos clínicos	4,68	4,99	4,93	4,67	6,08	3,84
<b>Total</b>	<b>18,22</b>	<b>20,51</b>	<b>21,18</b>	<b>21,21</b>	<b>22,26</b>	<b>17,03</b>

- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título  
Non existe curso de adaptación.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

En canto a participación do alumnado nos programas de mobilidade. Constátase na Facultade que, a pesar dun lixeiro descenso no curso 2016/2017, a tendencia é crecente na porcentaxe de estudante enviados a programas de mobilidade respecto do total de matriculados.

Na Escola de Enfermaría de Lugo, aumentáronse neste curso 3 centros para o programa de mobilidade SICUE, e estamos contactando para aumentar os centros para a mobilidade Erasmus. A tendencia é crecente na porcentaxe de estudantes enviados a programas de mobilidade.

Código	<b>IN17G-PC-08</b>
Nome	<b>Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados</b>
Procedemento de Cálculo	Número de estudantes enviados desde a USC nesa titulación a outras universidades (programas de mobilidade) dividido entre o número de estudantes matriculados no título. Permite coñecer a participación de

estudantes en programas de mobilidade.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Santiago</b>	<b>1,04</b>	<b>1,12</b>	<b>2,56</b>	<b>2,42</b>	<b>3,62</b>	<b>3,25</b>
<b>Lugo</b>	<b>0,47</b>	<b>1,07</b>	<b>0,00</b>	<b>0,34</b>	<b>0,35</b>	<b>0,38</b>

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

- A figura de coordinador de área e coordinadores de materias facilitou nos últimos cursos académicos o cumprimento das competencias de cada materia así como a organización da docencia.
- Coordinación vertical. Existe coordinación entre as materias de distintos cursos académicos coa finalidade de evitar duplicidades.
- No curso 2016-2017 incrementouse a coordinación horizontal e de intercambios entre Santiago-Lugo facilitando a unificación de contidos das materias en ambas facultades, se ben, dadas as diferenzas existentes entre os dous centros esta coordinación foi difícil para algunhas materias. Tamén se plantexou nos próximos cursos académicos colaborar e compartir con diferentes recursos ou materiais docentes, como por exemplo nas prácticas de materias básicas como Anatomía Humana.
- A coordinación a nivel de centros se estableceu dende o curso pasado mediante a creación da "comisión do título" coa participación de ambos equipos decanais e outros membros designados polos centros. Dicha coordinación entre Santiago-Lugo é presencial e en tempo real, levándose a cabo por Videoconferencia. Actualmente se está analizando este mecanismo de coordinación entre os dous centros xa que está suxeito á elaboración do regulamento interno que se aprobará antes de finalizar este curso.
- As prácticas na facultade de Enfermaría da USC son tuteladas, na actualidade contan coa figura de coordinador de prácticas un profesor asociado e profesores colaboradores de apoio en cada servizo docente das prácticas tuteladas.
- Na Escola de Enfermaría de Lugo realízase unha coordinación de forma horizontal, cun profesor responsable encargado de coordinar as materias teóricas da titulación por curso, para velar pola coherencia dos contidos do título; planifícanse reunións anuais, con grupos de profesores coordinadores das materias de cada curso académico, consensuando os contidos para evitar duplicidades.
- Nas prácticas tuteladas hai unha profesora responsable da coordinación xeral de prácticas, que realiza a distribución de estudantes segundo as competencias; e os profesores coordinadores de cada materia práctica (profesores da Escola con dedicación completa), resollen as incidencias que ocorran, avaliando as competencias prácticas a través do Diario Reflexivo do Estudante e analizan a avaliación realizada por parte dos titores de prácticas que se corresponden cos supervisores de unidade dos hospitais e centros de saúde onde realizan as mesmas.
- As Prácticas tuteladas están deseñadas por niveis de adquisición de competencias en dificultade crecente, tal e como se recolle nas guías docentes e nas follas de avaliación de competencias.

**1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado**

**para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

**Análise do Perfil Real de Ingreso/Egreso Grao en Enfermaría**

**Oferta de prazas e matrícula de inicio de curso**

O número de prazas ofertadas (IN01G-PC-05) na Facultade de Enfermaría mantívose estable, non sendo necesario axustala a oferta dende a acreditación do Grao.

Na Escola de Lugo houbo unha lixeira desviación con respecto ao disposto na memoria, manténdose estable nos últimos 6 cursos académicos.


Código	<a href="#">IN01G-PC-05</a>
Nome	<b>Prazas ofertadas</b>
Procedemento de Cálculo	Número de prazas ofertadas para cada curso académico. Achega información sobre a evolución da oferta de prazas asociada a ese título, para a reflexión sobre o proceso de captación de estudantes na USC.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Santiago</b>	<b>150,00</b>	<b>150,00</b>	<b>150,00</b>	<b>150,00</b>	<b>150,00</b>	<b>150,00</b>
<b>Lugo</b>	<b>68,00</b>	<b>68,00</b>	<b>68,00</b>	<b>68,00</b>	<b>68,00</b>	<b>68,00</b>
<b>Total</b>	<b>218</b>	<b>218</b>	<b>218</b>	<b>218</b>	<b>218</b>	<b>218</b>

En canto a evolución da matrícula de novo ingreso (IN04G-PC-05 e IN05G-PC-06) observamos que é lixeiramente superior as prazas ofertadas. No curso 2016/2017 baixou lixeiramente no caso da Facultade e mantívose estable no caso da Escola de Lugo, en relación a matrícula de curso anterior.

Código	<a href="#">IN04G-PC-05</a>
Nome	<b>Matrícula de novo ingreso por preinscripción</b>
Procedemento de Cálculo	Número de estudantes que se matriculan no primeiro curso dun plan de estudos por primeira vez, é dicir, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptacións desde plans en extinción.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Santiago</b>	<b>148,00</b>	<b>152,00</b>	<b>158,00</b>	<b>154,00</b>	<b>164,00</b>	<b>160,00</b>
<b>Lugo</b>	<b>68,00</b>	<b>67,00</b>	<b>69,00</b>	<b>64,00</b>	<b>51,00</b>	<b>51,00</b>





As diferenzas existentes entre prazas ofertadas e a matrícula de novo ingreso veñen motivadas polo exposto no Informe de Renovación da Acreditación do pasado curso académico.

Código	<b>IN05G-PC-05</b>
Nome	<b>Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición</b>
Procedemento de Cálculo	Taxa de variación relativa da matrícula de novo ingreso por preinscrición. Amosa as variacións na matrícula de novo ingreso por preinscrición en relación co curso académico anterior.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Santiago</b>	<b>0,00</b>	<b>2,70</b>	<b>3,95</b>	<b>-2,53</b>	<b>6,49</b>	<b>-2,44</b>
<b>Lugo</b>	<b>-9,33</b>	<b>-1,47</b>	<b>2,99</b>	<b>-7,25</b>	<b>-20,31</b>	<b>0,00</b>

#### Perfil de ingreso vocacional no Grao de Enfermería

Na Memoria do Título do Grao en relación ao perfil de ingreso faise fincapé na importancia da vocación nas titulacións de Ciencias da Saúde, e en especial no Grao en Enfermería.

O indicador IN10G-PC05 (Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas) a priori podería proporcionar datos en canto a vocación do alumnado. Non obstante, e tal e como xa analizáramos no Informe de Renovación da Acreditación do pasado curso hai que matizar os datos proporcionados por este indicador, xa que constatamos que unha boa parte dos estudantes que non poñen Enfermería como primeira opción poñen outro Grao de Ciencias da Saúde (en concreto Medicina) cos que coincide o perfil vocacional.

Código	<b>IN10G-PC-05</b>
Nome	<b>Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas</b>
Procedemento de Cálculo	Número de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez dividido entre as prazas ofertadas. Este indicador só se proporciona para titulacións de Grao. Proporciona información sobre a captación de alumnos.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Santiago</b>	<b>42,00</b>	<b>49,33</b>	<b>41,33</b>	<b>40,67</b>	<b>34,67</b>	<b>29,33</b>
<b>Lugo</b>	<b>69,12</b>	<b>63,24</b>	<b>61,76</b>	<b>66,18</b>	<b>44,12</b>	<b>44,12</b>

Aínda que moitos dos estudantes que ingresaron no título de enfermería foi a segunda opción da súa preinscrición, a percepción de moitos profesores dos primeiros cursos, é que os estudantes mostran un gran interese e entusiasmo polos temas de contido de saúde. Este feito motiva en gran medida aos profesores no seu traballo. Sería necesario verificar as expectativas dos estudantes ao comezo do grao e comparalas co a satisfacción ao final do grao. Quizais este seguimento podería esclarecer algunhas respostas para emprender accións de mellora.

Por outro lado se observamos o informe da CIUG (Comisión Interuniversitaria de Galicia) en canto a solicitudes constamos unha alta demanda de acceso ao Grao.

Na Escola de Enfermería de Lugo o perfil de acceso de 1ª opción e elevado, aínda que baixou nos dous últimos anos, agora mantense estable.

**Perfil real de ingreso – Medio de acceso**

O medio de acceso principal continúa sendo as Probas de Acceso a Universidade, seguida das probas de acceso para maiores de 25 e os trasladados.

Código	<b>IN03G-PC-05</b>
Nome	<b>Matrícula de acceso</b>
Procedemento de Cálculo	Número de estudantes que se matriculan nun plan de estudos por primeira vez. Inclúe ao alumnado que traslada o seu expediente, que accede por validación parcial de estudos estranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción.

Santiago	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
PAAU	108,00	102,00	105,00	113,00	137,00	128,00
Formación Profesional	31,00	53,00	40,00	34,00	19,00	22,00
Maiores de 25 anos	3,00	4,00	5,00	4,00	3,00	2,00
Maiores de 40 anos	1,00	2,00	0,00	2,00	1,00	2,00
Maiores de 45 anos	1,00	1,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Titulados	25,00	23,00	3,00	5,00	8,00	4,00
Estranxeiros art. 38 da LOE 2/2006 (modificado pola LOMCE)	0,00	0,00	0,00	-	-	-
Validación parcial de estudos estranxeiros	0,00	0,00	3,00	0,00	2,00	0,00
Continuación de estudos (traslado)	17,00	1,00	15,00	15,00	11,00	18,00
Adaptación desde plans en extinción	3,00	4,00	5,00	0,00	2,00	0,00
Non aplica	0,00	0,00	1,00	0,00	-	-
Sen asignar	0,00	0,00	2,00	-	-	-
<b>Total</b>	<b>189,00</b>	<b>190,00</b>	<b>179,00</b>	<b>173,00</b>	<b>183,00</b>	<b>177,00</b>

Lugo	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
PAAU	40,00	34,00	39,00	38,00	39,00	34,00
Formación Profesional	23,00	30,00	28,00	26,00	9,00	13,00
Maiores de 25 anos	1,00	1,00	2,00	2,00	1,00	1,00
Maiores de 40 anos	0,00	1,00	1,00	1,00	-	1,00
Maiores de 45 anos	1,00	0,00	0,00	0,00	-	0,00
Titulados	10,00	6,00	8,00	9,00	5,00	2,00
Estranxeiros art. 38 da LOE 2/2006 (modificado pola LOMCE)	0,00	0,00	0,00	-	0,00	-
Validación parcial de estudos estranxeiros	0,00	1,00	0,00	1,00	-	-
Continuación de estudos (traslado)	5,00	1,00	0,00	0,00	2,00	5,00
Adaptación desde plans en extinción	0,00	1,00	2,00	2,00	0,00	-
Non aplica	0,00	0,00	1,00	-	0,00	-
Sen asignar	1,00	0,00	0,00	-	0,00	-
<b>Total</b>	<b>81,00</b>	<b>75,00</b>	<b>81,00</b>	<b>79,00</b>	<b>56,00</b>	<b>56,00</b>


### Perfil de Ingreso – Nota media de acceso

A nota media de acceso é moi elevada o que supón que o perfil dos estudantes de novo ingreso de estudantes cunha moi boa preparación en secundaria.

En canto a evolución da nota tanto en Santiago como en Lugo ten unha tendencia crecente.

Código	<b>IN06G-PC-05</b>
Nome	<b>Nota media de acceso por preinscrición</b>
Procedemento de Cálculo	Nota media de acceso por preinscrición dos estudantes que inician estudos. Determina o perfil de entrada , informando sobre a nota media de acceso ao título.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Santiago</b>	<b>10,23</b>	<b>10,22</b>	<b>10,45</b>	<b>10,74</b>	<b>11,11</b>	<b>11,09</b>
<b>Lugo</b>	<b>9,97</b>	<b>9,66</b>	<b>9,57</b>	<b>9,93</b>	<b>9,70</b>	<b>10,16</b>



A distribución da nota media podémola ver no seguinte cadro, pertencente ao Informe da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

#### Santiago:

Ensinanza de acceso	Nota media	Nota de admisión dos alumnos matriculados								
		[5 , 6)	[6 , 7)	[7 , 8)	[8 , 9)	[9 , 10)	[10 , 11)	[11 , 12)	[12 , 13)	[13 , 14]
Bacharelato	11,127					12	35	55	14	1
Formación Profesional	10,953					2	5	6	2	

#### Lugo:

Ensinanza de acceso	Nota media	Nota de admisión dos alumnos matriculados								
		[5 , 6)	[6 , 7)	[7 , 8)	[8 , 9)	[9 , 10)	[10 , 11)	[11 , 12)	[12 , 13)	[13 , 14]
Bacharelato	9,989				1	26	14	5		
Formación Profesional	9,980					12	2	3		

Código	<b>IN07G-PC-05</b>
Nome	<b>Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis</b>
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe de estudantes de novo ingreso por preinscrición que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis. Determina o perfil de entrada, informando sobre a porcentaxe de estudantes que accederon ao título con nota maior ou igual a seis.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Santiago</b>	<b>98,65</b>	<b>96,00</b>	<b>98,06</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>
<b>Lugo</b>	<b>97,06</b>	<b>98,48</b>	<b>98,55</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>

### Perfil de Ingreso – Procedencia Xeográfica

Nas seguintes táboas podemos ver os datos relativos a procedencia Xeográfica

Código	<a href="#">IN08G-PC-05</a>
Nome	<b>Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados</b>
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade incoming. Amosa información sobre o perfil de ingreso do alumnado e a súa procedencia.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Santiago</b>	<b>0,62</b>	<b>0,64</b>	<b>0,96</b>	<b>1,13</b>	<b>0,99</b>	<b>0,85</b>
<b>Lugo</b>	<b>0,47</b>	<b>0,36</b>	<b>0,33</b>	<b>0,34</b>	<b>0,71</b>	<b>0,38</b>

Con respecto aos indicadores de mobilidade danos un importante incremento no curso 2016/2017 tanto na Facultade como na Escola.

Código	<a href="#">IN18G-PC-08</a>
Nome	<b>Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados</b>
Procedemento de Cálculo	Número de estudantes recibidos na USC nesa titulación procedentes doutras universidades (programas de mobilidade) dividido entre o número de estudantes matriculados no título. Permite coñecer a participación de estudantes en programas de mobilidade.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Santiago</b>	<b>1,46</b>	<b>2,72</b>	<b>3,35</b>	<b>2,90</b>	<b>1,81</b>	<b>2,74</b>
<b>Lugo</b>	<b>0,47</b>	<b>0,36</b>	<b>1,00</b>	<b>1,01</b>	<b>0,00</b>	<b>1,15</b>

En canto a procedencia a nivel nacional do estudiantado os datos da Facultade de Santiago mantéñense constantes nos últimos anos. A Escola ten un porcentaxe mais alto que entendemos que ven derivado da proximidade da provincia de Lugo co resto de provincias de fóra de Galicia.

Código	<a href="#">IN09G-PC-05</a>
Nome	<b>Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados</b>
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade incoming. Amosa información sobre o perfil de ingreso do alumnado e a súa procedencia.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Santiago</b>	<b>3,53</b>	<b>3,69</b>	<b>4,47</b>	<b>4,84</b>	<b>4,44</b>	<b>4,44</b>
<b>Lugo</b>	<b>15,89</b>	<b>17,14</b>	<b>16,28</b>	<b>15,54</b>	<b>15,25</b>	<b>12,64</b>

#### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

- A análise xeral da implantación de cambios normativos no grao de enfermería da USC parece indicar unha eficacia manifesta nos resultados da titulación. Así, por exemplo, a redución das convocatorias da avaliación a catro limita o rango de falla académica e aumenta a eficiencia no grao.
- A recente aprobación da regulación de matriculación, preparación e defensa do TFG da Facultade de Enfermería da USC o 28/06/2017 aumentará a eficiencia académica a través de criterios obxectivos como a elección do titor do TFG a través do ranking do expediente académicos dos estudantes. Outras medidas como a avaliación da titoría dos estudantes e os tribunais a través de criterios obxectivos tamén aumentarán a eficiencia dos resultados de TFG.
- Na Escola de Enfermería de Lugo, en canto ao TFG, ao finalizar o primeiro semestre vense realizando todo os cursos unha xornada de formación para actualización de coñecementos en metodoloxía da investigación, dedicada aos estudantes de cuarto curso, que van a realizar o TFG.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A información do título de Grao en Enfermaría tenta ser visible, facilmente localizable e expresada con claridade. Diferenciamos distintos niveis de información; así, na [páxina web da Facultade](#) e na [páxina web da Escola](#) figuran varios apartados segundo a información xerada no proceso de xestión e administración:

**A FACULTADE E A ESCOLA:** Aquí reflíctese a información xeral sobre a Facultade e a Escola, equipo de goberno, coordinadores, persoal, infraestruturas, localización...

**ESTUDOS:** Recolle toda a Información xeral, obxectivos e competencias, plan de estudos, oferta de admisión e outra información que atinxe ao título de grao. Os enlaces na web son:

[http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria\\_stgo/titulacions.html?plan=13115&estudio=15968&codEstudio=15392&valor=9](http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=13115&estudio=15968&codEstudio=15392&valor=9)  
(información en galego)

[http://www.usc.es/es/centros/enfermaria\\_stgo/titulacions.html?plan=13115&estudio=15968&codEstudio=15392&valor=9](http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=13115&estudio=15968&codEstudio=15392&valor=9)  
(información en castelán)

Escola de Lugo

[http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria\\_lugo/titulacions.html?plan=13304&estudio=15982&codEstudio=15398&valor=9](http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_lugo/titulacions.html?plan=13304&estudio=15982&codEstudio=15398&valor=9)  
(información en Galego)

[http://www.usc.es/es/centros/enfermaria\\_lugo/titulacions.html?plan=13304&estudio=15982&codEstudio=15398&valor=9](http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/titulacions.html?plan=13304&estudio=15982&codEstudio=15398&valor=9)  
(información en castelán)

**INFORMACIÓN ACADÉMICA:** Onde figuran os horarios de clases e de exames; normativa, oferta de prazas, profesores asociados, colaboradores docentes e rotacións das prácticas tuteladas; e todo o que se refire ao Traballo Fin de Grao (normativa, liñas de investigación, títulos, tribunais e calendario de solicitude, depósito e defensa)

[http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria\\_stgo/horariograo.html](http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/horariograo.html)

[http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria\\_stgo/exames.html?plan=15968&ano=68](http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/exames.html?plan=15968&ano=68)

[http://www.usc.es/es/centros/enfermaria\\_stgo/exames.html?plan=15968&ano=68](http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_stgo/exames.html?plan=15968&ano=68)

[http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria\\_stgo/practicastuteladas.html](http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/practicastuteladas.html)

## Escola de Lugo

[http://www.usc.es/es/centros/enfermaria\\_lugo/modules/news/news\\_0006.html](http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/modules/news/news_0006.html)

[http://www.usc.es/es/centros/enfermaria\\_lugo/horario\\_examenes.html](http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/horario_examenes.html)

[http://www.usc.es/es/centros/enfermaria\\_lugo/practicass-tuteladas.html](http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/practicass-tuteladas.html)

[http://www.usc.es/es/centros/enfermaria\\_lugo/faq.html](http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/faq.html)

**CALIDADE:** Alberga composición de comisións, memorias, manuais, informes e modelos de enquisas relativos á Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro; así como os informes de seguimento e renovación da acreditación do título.

**BUZÓN DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS:** Ten como finalidade servir de comunicación cos distintos axentes do centro, facilitar a súa implicación e estudar as súas aportacións.

**MOBILIDADE:** Divulga os programas de mobilidade, centrándose fundamentalmente no que atinxe os alumnos da titulación, pero con enlaces a información xeral de mobilidade da USC.

**TABOLEIRO:** Información académica puntual, sobre todo sometida a prazos. Os titulares visualízanse na portada da páxina, facilitando a súa localización.

**NOVIDADES:** Recolle o que pode ser de interese para a comunidade, pero sen ser propiamente académica (concursos, charlas, cursos...)

**OFERTAS DE EMPREGO:** Moitos empregadores, nacionais e internacionais, nos remiten ofertas de traballo que facemos públicas en este apartado.

**MODELOS DE FORMULARIO:** Os distintos colectivos teñen acceso a formularios para distintos procedementos.

**OUTRAS LIGAZÓNS:** Figuran enlaces a distintas institucións que poden ser de interese para os distintos axentes da comunidade.

Tamén, para fomentar a participación dos alumnos/as en actividades de especial importancia para a súa vida académica, utilizamos a comunicación masiva (por curso, por titulación) vía **e-mail**.

Por último destacar que, nunha vontade de achegar máis a Facultade e como medio tamén de participación e opinión, iniciouse a experiencia das redes sociais, para adaptarnos á comunicación máis empregada polos nosos axentes/clientes fundamentais (o alumnado). Así se iniciou o **facebook** da Facultade e esperamos ampliar coa presenza en novas redes.

<https://www.facebook.com/profile.php?id=100017022552239>

Na portada da páxina web da Universidade, na pestana **Estudar- Estudos oficiais- Graos**, no apartado de CC. da Saúde dedicado a Enfermaría, figuran ,nunha primeira visualización, datos xerais sobre duración, coste aproximado, número de prazos... e con acceso a datos máis concretos e á mesma páxina da Facultade.

<http://www.usc.es/gaos/gl/gaos/ciencias-saude/enfermaria-santiago>

<http://www.usc.es/gaos/es/grados/ciencias-salud/enfermeria-santiago>

<http://www.usc.es/gaos/es/grados/ciencias-salud/enfermeria-lugo>

<http://www.usc.es/gaos/gl/gaos/ciencias-saude/enfermaria-lugo>

Facer alusión á **transparencia pasiva**. Sinalar que se están diminuindo os tempos de espera para dar resposta a todas as solicitudes de información, tratando de lograr que os procesos sexan cada vez máis dilixentes e eficientes.

Os indicadores de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible, sitúan esta nunha media do 3,73 sobre 5 (cálculo medio dos centros) o que indica unha progresiva mellora sobre os anteriores que imputamos aos esforzos que se están facendo neste ámbito.



## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Anualmente, a Comisión do Título e a Comisión de Calidade, a través, principalmente da elaboración do informe de seguimento e a Memoria de Calidade, analiza os resultados do título e os compara co establecido na Memoria. Establecendo as Accións de Mellora que corrixan as diverxencias detectadas.

Periodicamente a Comisión de Calidade dos Centros réunese para analizar o grao de execución das Accións de Mellora.

As accións de Mellora establecidas acórdanse de xeito coordinado entre os Centros de Santiago e Lugo a través de reunión periódica da Comisión do Título.

É, principalmente, a través da análise das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e coas taxas de rendemento, éxito e avaliación globais e particulares de cada materia, como se establecen accións de mellora da calidade da ensinanza e o profesado. Da análise destes datos podemos concluír que en xeral son moi bos e non precisan de accións de mellora concretos.

O procedemento de suxestión e reclamacións é conforme ao establecido na memoria e réxese pola Normativa xeral da Universidade <http://www.usc.es/gl/servizos/oar/documentacion.html>, que establece 3 canles de recepción.

- A través da Oficina de Análise de Reclamacións
- A través do Valedor da Comunidade Universitaria
- A través do Decanato e a Dirección da Escola

A Facultade e a Escola, coa finalidade de facilitar a comunicación de suxestións e reclamacións, estableceron na páxina web do centro un apartado específico para o envío das mesmas.

No curso 2016/2017 o Facultade resolveu 4 recursos, correspondendo 2 a Grao en Enfermaría, e a Escola Universitaria de Lugo 3.

Na Escola de Lugo 2 foron de Recoñecementos FP e 1 de Anulación de Matrícula. Na Facultade 1 de Recoñecemento de Estudos e outro de Recoñecemento de FP. Dos cales, na Facultade un foi desestimado e o outro inadmitido e na Escola 2 desestimados e 1 estimado.

En relación ás suxestións e queixas podemos observar no seguinte cadro o número e o seu motivo:

<b>Escola Universitaria de Enfermaría [L]</b>	<b>2</b>
<b>Grao en Enfermaría (1ª ed) [L] (ADSCRITA)</b>	<b>2</b>
Certificacións	<b>1</b>
Matrícula	<b>1</b>

<b>Facultade de Enfermaría</b>	<b>6</b>
<b>Diplomatura en Enfermaría</b>	<b>1</b>
Certificacións	<b>1</b>
<b>Grao en Enfermaría (1ª ed) [S]</b>	<b>3</b>
Aulas e instalacións	<b>1</b>
Cualificacións de Actas	<b>1</b>
Media de Expediente	<b>1</b>
<b>Grao en Enfermaría (2ª ed) [S]</b>	<b>2</b>
Matrícula	<b>1</b>
Notas por Móbil	<b>1</b>

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título. Como consecuencia do proceso de renovación da acreditación estableceu un plan de melloras seguindo as recomendacións da Axencia de Calidade. Entre elas programouse unha que leva á modificación da Memoria do título no que se refire ao Sistema de Avaliación. Trátase de simplificar o establecido no mesmos para dar mais marxe aos docentes para a elaboracións das Guías Docentes de cada ano. Isto redundará na eficacia do título ao posibilitar que o docente adapta cada ano o seu sistema de avaliación as necesidades do momento.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.

Periodicamente a Comisión de Calidade fai un seguimento do estado de execución das Accións de Mellora, analizando ao finalizalas se foron ou non eficaces. No caso de non ser eficaces establécense novas accións de Mellora.

- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

No Autoinforme de Renovación da Acreditación do curso 2015/2016 establecéronse unha serie de Accións de Mellora que viñan dar resposta as recomendacións que fixo a axencia a través do Informe de Seguimento do curso 2014-2015

[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/ql/centros/enfermaria\\_stgo/descargas/2014.2015.IFS-ACSUG-G-Enfermeria\\_USC2.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/ql/centros/enfermaria_stgo/descargas/2014.2015.IFS-ACSUG-G-Enfermeria_USC2.pdf) .

O estado de execución e a valoración da súa eficacia pódese consultar no apartado correspondente deste mesmo documento.

Así mesmo estableceuse un **programa de accións de mellora** como consecuencia das recomendacións establecidas pola axencia no informe provisional de Renovación da acreditación do curso 2015/2016. Igualmente pódese consultar neste documento o esta de execución e eficacia das mesmas.

### 3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Comisión de Calidade elabora anualmente a Memoria de Calidade na que se recolle a análise e revisión do Sistema de Garantía de Calidade.

Santiago: [http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria\\_stgo/sqic.htm#memo](http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/sqic.htm#memo)

Lugo: [http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria\\_lugo/sqic.html](http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_lugo/sqic.html)

Na actualidade está programada unha revisión do SGIC que ven de recollese no informe de renovación de Acreditación do Grao en Enfermaría, pero que tamén afecta ao resto de títulos impartidos no centro.

A composición da Comisión de Calidade garante a participación de todos os interesados, incluíndo entre os membros ao PDI, PAS e Estudantes da Facultade. Na Escola de Enfermaría de Lugo participan todos os interesados: profesorado, administración e estudantes.

As Enquisas ao Profesorado e aos Estudantes en relación á xestión da calidade nos proporcionan uns datos bos, aínda que mellorables. Todas as cuestións superan o 3 sobre 5 e están moi próximos a valoración global da USC.

A cuestión que proporciona peor resultado e a valoración que fai o alumnado das canles para facer queixas, suxestións e/ou parabéns. Entendemos que o que falla non é tanto as canles existentes, senón a difusión da existencia das mesmas, polo que programamos para este curso unha acción de mellora encamiñada a reforzar a difundir entre o alumnado a través de comunicación directa ao principio e ao longo do curso na Facultade e na Escola e difusión a través das pantallas informativas existentes na Facultade.

**-XESTIÓN DA CALIDADE-**

Manifeste o seu nivel de acordo cos seguintes enunciados (1 moi en desacordo, 5 moi de acordo).

	Valoración Campus Lugo	Valoración Campus Santiago	Valoración titulación	Valoración global (grao USC)
<b>A información dispoñible en relación coa calidade</b>	3,00	3,50	3,44	3,75
<b>As canles para realizar queixas, suxestións e /ou parabéns</b>	3,50	3,43	3,44	3,74
<b>As vías de participación na mellora da calidade da titulación</b>	3,50	3,36	3,38	3,59
<b>A información pública dispoñible sobre a titulación</b>	3,50	3,79	3,75	3,99

Fonte: Enquisa de Satisfacción do Profesorado coa titulación

**-XESTIÓN DA CALIDADE-**

Manifeste o seu nivel de acordo cos seguintes enunciados (1 moi en desacordo, 5 moi de acordo).

	Valoración Campus Lugo	Valoración Campus Santiago	Valoración titulación	Valoración global (grao USC)
<b>As canles para realizar queixas, suxestións e /ou parabéns</b>	2,20	2,38	2,32	2,61
<b>A información pública dispoñible sobre a titulación</b>	3,10	3,10	3,10	3,02

Fonte: Enquisa de Satisfacción do Alumnado coa titulación

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico.** O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tráballo Fin de Grao ou Tráballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Facultade de Enfermaría**

4.1.1

No último curso 2016-2017 diminuíu a porcentaxe de PDI con sexenios, debido a que o persoal PDI de nova incorporación son profesores asociados ou axudantes que aínda cumprindo os requisitos non poden optar a ese recoñecemento.

Segundo os datos do Ministerio do curso 2015-2016 (ver gráfico) constátase que o Grao en Enfermaría ten unha porcentaxe máis baixa en PDI Funcionario de Carreira en comparación con Ciencias da Saúde das Universidades Españolas.




Figura 4.1.1.3. Número medio de sexenios en PDI funcionario de carreira de Universidades Españolas. Fuente: Datos propios Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (curso 2015-2016).

Deberemos ter en conta que Ciencias da Saúde engloba diversas titulación de Grao, polo contrario o Grao en Enfermaría da USC é unha soa titulación.

Con respecto á materia do Tráballo Fin de Grao, o número de alumnos que titoriza cada profesor de Grao en Enfermaría

é moi elevado en relación con outras titulacións da mesma Universidade.

#### 4.1.2

Creemos que na actualidade o número de profesores a tempo completo é insuficiente, isto verificase co número de horas do POD e a comparativa con outras titulacións da USC.

#### 4.1.4

O profesorado do Grao en Enfermaría non pode acollerse a programas de mobilidade e estadias tanto en centros nacionais como estranxeiros debido á gran carga docente e non podendo prescindir del.

#### 4.1.5

A USC, non ten feito efectivo o compromiso incluído na memoria 2016-2020.

### **Escola de Enfermaría de Lugo:**

4.1. Todo o profesorado ten unha formación específica da materia que imparte, ben porque teñan unha especialidade afín a materia, ou pola súa traxectoria profesional, tanto académica, investigadora e asistencial, que os avala para impartir a docencia.

O profesorado existente a tempo completo (4), aínda que e escaso, cobren a súa parte teórica e a correspondente e titorías; tendo que asumir así mesmo as Prácticas Tuteladas, como responsables destas materias; así como do seu control externo; ademais disto tamén realizamos tres xornadas no ano académico.

Esta sobrecarga dificulta un apropiado desenvolvemento da carreira investigadora, así como da mobilidade.

A Escola mantén anualmente actividades de formación continuada para o seu persoal a través do SERGAS: cursos de formación e perfeccionamento, congresos nacionais e internacionais, así como colaboración en produción científica como revistas e outras publicacións.

Nestes momentos está programada unha acción de mellora (AMG-11), que en principio e un acercamento, por parte da Consellería de Sanidade ao Reitorado para una futura integración da Escola na USC.

Seguimos aumentando o número de doutores e de profesores que están realizando a tese doutoral.

### **4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

#### Santiago

Tomando como referencia o número de alumnos co que conta o centro e as distintas titulacións, non se considera que o persoal de apoio, dedicado fundamentalmente á xestión e administración, sexa suficiente para desenvolver todas as funcións, tendo en conta ademais que, no centro, van incrementándose os procesos e se pretende unha mellora constante dos mesmos. De todos os xeitos, a Universidade non quere adoitar compromisos neste sentido.

Neste momento a continuidade na unidade de xestión dun posto interino dedicado á Unidade de docencia de especialización obstétrico-xinecolóxica, supón un alivio na carga de traballo, pois a funcionaria, ademais de atender as súas funcións concretas colabora coa unidade nas tarefas xerais da mesma.

Nun esforzo por resolver na medida do posible a insuficiencia de persoal, temos a vontade de dirixir os nosos esforzos a lograr da unidade de xestión un equipo de traballo de persoas cada vez máis versátiles e polivalentes (evitando cada vez máis as especializacións), preparados para atender diferentes necesidades e funcións, evitando demoras nos procesos. O nivel de cualificación do persoal, favorecido polo interese na participación de cursos de formación, fai posible que este obxectivo se poda alcanzar nun futuro.

Durante o curso 2016/2017 o persoal de administración da unidade de xestión, realizou en conxunto, case 900 horas de cursos (aptitude) de formación.

A Universidade de Santiago de Compostela, de cara a detectar as necesidades de formación solicita a cada unidade de traballo unha autoavaliación anual acompañada dunha proposta de actividades formativas que axuden a reducir as eivas atopadas e que poden ser satisfeitas con formación de persoal. Pero, moitas veces, non son atendidas pola USC ás nosas demandas

Os cursos realizados polo persoal no último curso, foron ofertados pola USC e pola Escola Galega de Administracións Públicas (segundo os convenios asinados coas universidades galegas). Foi esta última entidade a máis concorrida polo noso persoal de apoio.

En resumen, podemos dicir que o persoal de apoio acada uns niveis de formación satisfactorios. O número de efectivos é escaso, pero eficiente

#### Lugo

O persoal de apoio na Escola Universitaria de Lugo componse de:

- 1 Auxiliar Administrativo, do SERGAS, que consideramos escaso en canto as funcións que debe desempeñar.
- Persoal de Conserxería, que é suficiente.

En relación a esta debilidade está programada unha acción de mellora (AMG-10 Curso 2016/2017) para corrixila.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### Santiago

A información sobre os recursos materias e servizos dos que dispón a Facultade está recollida na páxina web do centro e pódense consultar nos seguintes vínculos:

[http://www.usc.es/ql/centros/enfermaria\\_stgo/infraestruturas.html](http://www.usc.es/ql/centros/enfermaria_stgo/infraestruturas.html)

[http://www.usc.es/ql/centros/enfermaria\\_stgo/outrosespazos.html](http://www.usc.es/ql/centros/enfermaria_stgo/outrosespazos.html)

- Mellora e renovación do material

A Facultade conta con dúas aulas de informática cun total de 47 postos, dos cales 25 son de recente adquisición. O resto de postos, aínda que en funcionamento, estaban obsoletos.

Durante os exercicios orzamentarios 2016 e 2017 realizouse a renovación de practicamente todos os equipos obsoletos. En concreto no ano 2016 adquiríronse 11 equipos e 10 no 2017



A parte das aulas de informática renováronse 5 ordenadores e 3 vídeos proxectores.

En canto ao material de prácticas, a parte da adquisición habitual do material funxible necesario, cabe destacar a adquisición do seguinte material de simulación:

2016

- Maqueta de Anatomía, cranio desmontable
- Simulador de Parto
- No marco da Convocatoria de Axudas para o desenvolvemento de accións de mellora que convoca anualmente a Universidade captáronse 3329 € coas que se adquiriu un Simulador de Constantes Vitais.

2017

- Maqueta de Corazón xigante con esófago e traquea
- Esqueleto con músculos e ligamentos
- Simulador de exame cervical e proba de papanicolau
- Simulador de Cabeza para trauma
- No marco da Convocatoria de Axudas para o desenvolvemento de accións de mellora que convoca anualmente a Universidade captáronse 8935 € coas que se renovaron as maquetas de 4 Brazos para prácticas e 8 Glúteos para inxeccións, para a materia de Fundamentos de Enfermaría.

- Accesibilidade

A Facultade de Enfermaría ven de realizar as adaptacións necesarias para o cumprimento das normativas de accesibilidade universal.

En concreto no curso 2016/2017 programouse como acción de Mellora a reforma dos aseos para adaptalos para a minusvalía e que aparecen contemplados nos orzamentos do 2018 da Universidade.

- Fondos bibliográficos

Os fondos bibliográficos son suficientes (en torno a 8000 volumes e 130 títulos de revistas impresas). Os usuarios tamén poden consultar fondos en formato electrónico (entorno a 500 títulos de revistas e 80 monografías da área de Ciencias da Saúde)

- Servizos de orientación

Os Servizos de orientación están por unha parte centralizados na Universidade, na Oficina de Información Universitaria (<http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/>) e teñen unha recoñecida competencia. Por outra parte a Facultade tamén orienta ao estudantes a través do decanato e a Unidade Administrativa.

Na actualidade está programada a realización por parte da Facultade dunhas Xornadas de Orientación Laboral específica para o estudantado de Enfermaría.

- Programas de Acollida

No Acto de acollida orientase aos estudantes sobre:

- O Plan de Estudos , os horarios, calendario de exames,..
- Servizos administrativos
- Coordinación da titulación e coordinadores de curso.
- Representantes de Estudantes
- Sistemas de Titorización
- Programas de mobilidade da USC
- Prácticas Tuteladas
- Biblioteca
- Outros servizos universitarios (instalacións deportivas, biblioteca, ...)

-Canles de comunicación e información (especial importancia do uso da web da Facultade, consulta de taboleiros, comunicación directa co Decanato, administración, coordinadores,...)

- Instalacións prácticas tuteladas

As prácticas tuteladas realízanse nos seguintes centros asistenciais:

EOXI Santiago

Hospital Clínico Universitario

Hospital Médico Cirúrxico de Conxo

Hospital Psiquiátrico de Conxo

Hospital Gil Casares

Hospital de Barbanza

Centros de saúde

En canto ao resto de áreas EOXI (A Coruña, Lugo e Ourense) anualmente, segundo a previsión de necesidades de prazas de cada curso académico, faise unha solicitude ao SERGAS de prazas en Hospitais e Centros de Saúde.

## Lugo

A información sobre infraestruturas e servizos dos que dispón a Escola está recollida na páxina web do centro e pódese consultar no seguinte vínculo:

[http://www.usc.es/es/centros/enfermaria\\_lugo/infraestructuras.html](http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/infraestructuras.html)

- Servizos de orientación

Os Servizos de orientación están por unha parte centralizados na Universidade, na Oficina de Información Universitaria (<http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/>) e teñen unha recoñecida competencia. Por outra parte a Escola tamén orienta aos estudantes a través da dirección, profesorado a dedicación completa e a Unidade Administrativa.

Anualmente realizamos unha Xornada de orientación laboral e académica de Posgrao para os nosos estudantes de cuarto curso que leva por título "Actividades Universitarias de Posgrao e Inserción Laboral" onde se tratan temas como a Inserción Laboral no Ámbito público; Axudas para actividades de Posgrao na USC; Colexición e Especialidades e Ofertas de Emprego de Centro Privados e no estranxeiro e o último relatorio e sobre a Enfermería militar, cada un dos relatores son expertos nos temas, con asistencia de 100% dos estudantes.

Páxina web:

No Programa de Acolida da Escola

No Acto de acolida orientase aos estudantes sobre:

-O Plan de Estudos, os horarios, calendario de exames,...

-Servizos administrativos

-Coordinación da titulación e coordinadores de curso.

-Representantes de Estudantes

-Sistemas de Titorización

-Programas de mobilidade da USC

-Prácticas Tuteladas

-Orientación sobre o Centro de Linguas Modernas (ven unha profesora, que informa aos estudantes sobre a necesidade dos idiomas dentro da titulación).

-Outros servizos universitarios (instalacións deportivas, biblioteca, ...)

-Canles de comunicación e información (especial importancia do uso da web da Escola, consulta de taboleiros, comunicación directa coa dirección, administración, coordinadores,...)

- Instalacións prácticas tuteladas

En canto a dotación de fondos bibliográficos específicos para o título na Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo, neste curso dotarase de máis fondos bibliográficos.

Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados para adquirir todas as competencias do título, en canto o material científico, e recursos para a formación práctica e subministrado polo SERGAS

As instalacións onde se realizan as prácticas tuteladas son adecuadas para a adquisición das competencias dos estudantes, contando cos seguintes centros asistenciais:

**CENTROS ASISTENCIALES:**

- EOXI Lugo
- Hospital Universitario Lucus Augusti
- Hospital de Burela
- Hospital de Monforte
- Hospital de Calde

**CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA**

- CAP Milagrosa
- CAP Fingoy
- CAP San Roque,
- CAP Praza do Ferrol
- CAP Islas Canarias
- CAP de Monforte
- CAP de Burela
- CAP Sarria
- CAP Villalba

Todos os centros están situados na provincia de Lugo.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### 6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### **RESULTADOS DEL APRENDIZAJE**

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida e a do alumnado coa docencia recibida é alta; situándose no curso 2016/2017 para o primeiro caso en 3.98 ,e, para o segundo 4.07 en Lugo e en 3,77 e 3,84 en Santiago.

A satisfacción do alumnado coa planificación da docencia e co desenvolvemento da mesma, segue estando nuns niveis moi satisfactorios, aumentando en relación ao curso anterior

Podemos observar que as Taxas de Graduación diminuíu e a de Abandono aumentou significativamente en relación ao curso anterior; as Taxas de Eficiencia, Rendemento e Éxito mantéñense ou diminúe lixeiramente, o que nos fai pensar que estas Taxas de Abandono e Gradación débense a problemas económicos ou sociais e non estruturais do Título.

En xeral, en Lugo, a taxa de graduación é un pouco máis baixa que no curso anterior, detectando peores resultados en aqueles estudantes a tempo parcial, maiores de 25, 40, 45 anos, traballadores etc.; polo que como acción de mellora realizaremos actividades para optimizar os resultados destes estudantes.

En canto á Taxa de Abandono, en Lugo, aínda sendo baixa é un pouco mais alta que na memoria de grao, polo que, reunidos para o estudo deste proceso, chegamos á conclusión que a crise económica parece ser a principal causa para iso, detectando un número importante de alumnos que pretenden finalizar os seus estudos en centros máis próximos á súa residencia. (Santiago e Coruña)

Como xa se indicou no autoinforme de renovación da acreditación, foron detectadas diferenzas entre as Guías Docentes de Santiago e Lugo, e estívoise traballando para unha unificación das mesmas, para a consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe; este obxectivo estase conseguindo de forma gradual, quedando poucas guías sen unificar.

Os resultados da aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos e correspóndense co nivel MECES do título.

Os resultados das taxas de rendemento, éxito, avaliación, graduación, eficiencia dos títulos e abandono pódense consultar na táboa do criterio 7 e excepto a taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G-S01-PM-01) poden considerarse boas.

Ver táboa do punto 7

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### 7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### *Indicadores de satisfacción e rendemento a nivel de centro (Santiago-Lugo) (Ver táboa 1)*

Comentaremos os aspectos máis relevantes dos indicadores:

- ✓ No curso 2016-2017 a matrícula de novo ingreso (*IN04G-PC-05*) Facultade de Enfermería é de 160 no campus de Santiago e de 51 no campus de Lugo. A nota media de acceso por preinscrición no grado foi de 11,09 puntos en Santiago e 10,16 en Lugo. Na Escola de Enfermería de Lugo, tanto no curso académico 2015-16 como 2016-17 e como figura no informe de renovación da acreditación ;nos datos de matrícula de inicio de estudos, so figuran 51estudantes; isto correspondese coa figura de cambio de centro, iniciaron os seus estudos no Campus de Lugo durante curso 2015-2016 e 2016-2017 e cambiáronse entre os meses de xullo e setembro para o campus de Santiago. (nas Unidades de Xestión Académica empregan a figura de “clonación” de expediente por tratarse exactamente do mesmo estudo, cópiase o seu expediente ao centro de destino incluíndo os datos do curso académico no que iniciou os seus estudos). Esta decisión tomouse para que non computasen como abandonos na sede na que empezaron ao calcular as taxas de abandono durante o primeiro curso e a de abandono do RD 1393; estas dúas taxas non quedan distorsionadas, porque estes estudantes pasan a ser do centro de destino para todos os efectos.
- ✓ Reunidos para o estudo desta situación, observamos que o 90% dos traslados ían ao seu lugar de orixe (Santiago maioritariamente e algúns a Coruña),que en anos anteriores non ocorría isto; chegando á conclusión que a crise económica parece ser unha das principais causas destes traslados.

O numero total de alumnado matriculado no centro (*IN02G-PC-05*) no curso 2017-2018 en Santiago é de 585 ( 23 menos

que en 2015-2016) y 261 en Lugo (21 menos que en 2015-2016).

En canto a datos de mobilidade de estudantes, Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (*IN09G-PC-05*) é de 4,44 en Santiago e 12,64 en Lugo sufrindo unha diminución respecto ao curso 2016-2017, A Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (*IN17G-PC-08*) é dun 3,25 para Santiago e 0,38 para Lugo. Por outra banda aumento a porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (*IN18G-PC-08*).

Na Escola de Enfermaría de Lugo, amósase unha taxa de mobilidade baixa, aínda que seguimos aumentando o número de convenios con outras universidades, tanto a nivel nacional como internacional; consideramos que e un problema socio-económico do estudiantado matriculado, mais que da non dispoñibilidade desta mobilidade.

### Recursos humanos

No curso 2016-2017 a porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título (*IN24G-PS-01*) foi dun 62,50 en Santiago similar á do curso 2015-2016 (63,41). Por outro lado, aumenta considerablemente Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (*IN26G-PS-01*) pasando dun 37,21% no curso 2105-2016 a un 62,50% no curso 2016-2017.

En relación á satisfacción dos estudantes coa docencia recibida (*IN46G-S01-PM-01*) foi 3,84 en Santiago e 4,07 en Lugo e Satisfacción do profesorado coa docencia impartida (*IN47G-S01-PM-01*) foi de 3,77 en Santiago e 3,96 en Lugo con una taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida de 30,43 en Santiago e 29,67 en Lugo.

Táboa 1

### Resultados da aprendizaxe e Indicadores de satisfacción e rendemento

Código	Descrición	Valor 24/10/2016 Santiago	Valor 24/10/2016 Lugo	Valor 03/11/2017 Santiago	Valor 03/11/2017 Lugo
IN01G-PC-05	Prazas ofertadas	150	68	150	68
IN02G-PC-05	Matrícula	608	282	585	261
IN03G-PC-05	Matrícula de acceso	183	56	173	56
IN04G-PC-05	Matrícula de novo ingreso por preinscrición	164	51	160	51
IN05GPC-05	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición	6,49	-20,31	-2,44	0
IN06G-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	11,11	9,70	11,09	10,16
IN07G-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	100	100	100	100
IN08G-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0,99	0,71	0,85	0,38
IN09G-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	4,44	15,25	4,44	12,64
IN10G-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas	34,67	44,12	29,33	44,12
IN12C-PC-05	Taxa de ocupación	109,33	75	106,67	75

IN16G-PC-08	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	-	-	-	-
IN17G-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	3,62	0,35	3,25	0,38
IN18G-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	1,81	0	2,74	1,15
IN23G-PC-09	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	3,05	-	3,02	-
IN24G-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	63,41	0	62,50	0
IN25G-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	50,00	0	50,60	0
IN26G-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	37,21	0	62,50	0
IN30G-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	14,42	0	13,51	0
IN31G-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	73,30	69,98	70,20	59,18
IN32G-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	17,19	22,26	18,08	17,03
<b>Resultados da aprendizaxe</b>					
IN34G-S01-PM-01	Taxa de rendemento	89,59	88,37	89,27	90,71
<b>Taxa de Rendemento:</b> Porcentaxe entre el número de créditos ordinarios superados entre créditos matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados)					
IN35G-S01-PM-01	Taxa de éxito	96,03	93,03	95,14	94,03
<b>Taxa de Éxito:</b> Porcentaxe entre el número de créditos ordinarios superados entre créditos presentados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados)					
IN36G-S01-PM-01	Taxa de avaliación	93,29	94,99	93,83	96,48
<b>Taxa de avaliación:</b> Porcentaxe entre el número de créditos ordinarios presentados entre créditos matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados)					
IN37G-S01-PM-01	Taxa de graduación	82,98	78,13	73,83	75,81
<b>Taxa de graduación :</b> porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada					
IN38G-S01-PM-01	Duración media dos estudos	4,25	4,46	4,17	4,36
IN39G-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	96,93	93,12	95,26	95,30
<b>Eficacia dos titulados :</b> Porcentaxe entre o número total de créditos do plan de estudos nos que deberon matricularse ao longo dos seus estudos o conxunto de graduados dun determinado ano					
IN40G-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso	22,22	7,81	23,49	13,11
IN41G-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393/2007	14,18	10,94	23,49	12,90
<b>Taxa de abandono RD 1393/2007:</b> Porcentaxe entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título o ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior.					
IN42G-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	3,26	3,71	3,11	2,96
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,72	3,88	3,84	4,07

IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	3,85	4,00	3,77	3,98
IN48G-S01-PM-01	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	28,67	18,90	30,43	29,67
IN50G-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados	95,23		96,34	
IN51G-S01-PM-01	Taxa de idoneidade na graduación	73,66	64,06	66,82	67,74
IN53CG-S01-PM-01	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	94,82	89,39	96,77	92,12
IN53CM-S01-PM-01	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)				



LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do Título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	PDF
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
			2501105_P.Ind_2016-2017
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501105_INF.16_2016-2017
			2501105_INF.CiUG_2016-2017
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501105_P.Ind_2016-2017
			SIGCAMPUS_INF.03_2016-2017
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	<a href="#">Web da USC</a> <a href="#">Web do Centro (Sede 1)</a> <a href="#">Web do Centro (Sede 1)</a> <a href="#">Web do Título</a>
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a> <a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a> <a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>

		dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a> <a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
			2501105_P.Ind_2016-2017
			2501105_INF.04_2016-2017
			SIGCAMPUS_INF.05_2016-2017
			2501105_INF.06_2016-2017
			2501105_INF.07_2016-2017
			2501105_INF.08_2016-2017
			2501105_INF.09_2016-2017
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501105_INF.10_2016-2017
			SIGCAMPUS_INF.11_2016-2017
			2501105_INF.13_2016-2017
			2501105_INF.14_2016-2017
			SIGCAMPUS_INF.21_2016-2017
			2501105_INF.22_2016-2017
			2501105_INF.23_2016-2017
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501105_P.Ind_2016-2017
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501105_E15_2016-2017
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	SIGCAMPUS_E16_2016-2017
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	SIGCAMPUS_I6-I7_2016-2017
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	SIGCAMPUS_I6-I7_2016-2017
			2501105_INF.13_2016-2017
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	2501105_INF.14_2016-2017
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	SIGCAMPUS_I10_2016-2017

5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a> <a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
5	E19	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do Centro (sede 1)</a> <a href="#">Web do Centro (sede 2)</a>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501105_INF.15_2016-2017
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
		Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia):	2501105_P.Ind_2016-2017
6,7	I12	- Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501105_INF.17_2016-2017 2501105_INF.18_2016-2017 2501105_INF.19_2016-2017 SIGCAMPUS_SIIU_2016-2017
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501105_P.Ind_2016-2017 2501105_INF.CiUG_2016-2017
7	I14	Resultados de inserción laboral	2501105_EIL-SIIU_2016-2017

## MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

### MODIFICACIÓN

Modificación do Sistema de Avaliación da Materia Aspecto Éticos e Legais da Profesión establecido na Memoria do Título, no seguinte sentido:

O valor ponderado da proba obxectiva final representa un valor comprendido entre o 60 e o 80% da nota final e, consecuentemente, a participación activa as clases e seminarios un valor ponderado comprendido entre o 40 e o 20% da nota.

Esta modificación ten sido acordada polos coordinadores da materia da Facultade de Enfermaría de Santiago e da Escola de Enfermaría de Lugo.

### XUSTIFICACIÓN

No informe de renovación da acreditación recomendouse a simplificación dos sistemas de avaliación establecidos na Memoria do título.

<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>																																																																					
<b>Código</b>	AM-1 (Curso 2016-2017)																																																																				
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento																																																																				
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 Organización e Desenvolvemento																																																																				
<b>Análise causa</b>	Recomendación do Informe de Seguimento Seguir traballando no despregue das accións de mellora propostas para aumentar a mobilidade dos estudantes																																																																				
<b>Definición/ descricao proposta</b>	<i>Establecer novos contactos para a firma de novos Convenios para aumentar oferta de destinos.</i>																																																																				
<b>Datas</b>	Finalización: 30/12/2017 Inicio: 30/01/2017																																																																				
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa Eficacia:																																																																				
<b>Responsables</b>	Vicedecana de Internacionalización																																																																				
<b>Comprobación Acción</b>	Finalizada																																																																				
<b>Descrición Comprobación</b>	<p>A oferta de prazas dos programa de mobilidade ERASMUS mantívose estable e a do programa SICUS aumentou.</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th rowspan="2">SICUE</th> <th colspan="2">Total</th> <th colspan="2">Santiago</th> <th colspan="2">Lugo</th> </tr> <tr> <th>Destinos</th> <th>Prazas</th> <th>Destinos</th> <th>Prazas</th> <th>Destinos</th> <th>Prazas</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2015-2016</td> <td>32</td> <td>64</td> <td>24</td> <td>48</td> <td>8</td> <td>16</td> </tr> <tr> <td>2016-2017</td> <td>22</td> <td>37</td> <td>15</td> <td>27</td> <td>7</td> <td>10</td> </tr> <tr> <td>2017-2018</td> <td>42</td> <td>76</td> <td>29</td> <td>54</td> <td>13</td> <td>22</td> </tr> </tbody> </table> <table border="1"> <thead> <tr> <th rowspan="2">ERASMUS</th> <th colspan="2">Total</th> <th colspan="2">Santiago</th> <th colspan="2">Lugo</th> </tr> <tr> <th>Destinos</th> <th>Prazas</th> <th>Destinos</th> <th>Prazas</th> <th>Destinos</th> <th>Prazas</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2015-2016</td> <td>13</td> <td>37</td> <td>7</td> <td>22</td> <td>6</td> <td>15</td> </tr> <tr> <td>2016-2017</td> <td>14</td> <td>40</td> <td>8</td> <td>25</td> <td>6</td> <td>15</td> </tr> <tr> <td>2017-2018</td> <td>14</td> <td>40</td> <td>8</td> <td>25</td> <td>6</td> <td>15</td> </tr> </tbody> </table>	SICUE	Total		Santiago		Lugo		Destinos	Prazas	Destinos	Prazas	Destinos	Prazas	2015-2016	32	64	24	48	8	16	2016-2017	22	37	15	27	7	10	2017-2018	42	76	29	54	13	22	ERASMUS	Total		Santiago		Lugo		Destinos	Prazas	Destinos	Prazas	Destinos	Prazas	2015-2016	13	37	7	22	6	15	2016-2017	14	40	8	25	6	15	2017-2018	14	40	8	25	6	15
SICUE	Total		Santiago		Lugo																																																																
	Destinos	Prazas	Destinos	Prazas	Destinos	Prazas																																																															
2015-2016	32	64	24	48	8	16																																																															
2016-2017	22	37	15	27	7	10																																																															
2017-2018	42	76	29	54	13	22																																																															
ERASMUS	Total		Santiago		Lugo																																																																
	Destinos	Prazas	Destinos	Prazas	Destinos	Prazas																																																															
2015-2016	13	37	7	22	6	15																																																															
2016-2017	14	40	8	25	6	15																																																															
2017-2018	14	40	8	25	6	15																																																															
<b>Data Comprobación</b>	31/12/2017																																																																				
<b>Incidencias</b>	A oferta do programa ERASMUS mantívose estable.																																																																				
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	Seguir fomentando o incremento de destinos e prazas.																																																																				

Documentación	
---------------	--

<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-2 (Curso 2016-2017)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 3 Sistema de Garantía de Calidade
<b>Análise causa</b>	Recomendación Informe de Seguimento. Realizar Enquisas de Satisfacción a todos os grupos de interese
<b>Definición/ descripción proposta</b>	<i>Realizar unha enquisa propia a empregadores</i>
<b>Datas</b>	Finalización: 30/12/2017 Inicio: 1/2/2017
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa Eficacia:
<b>Responsables</b>	Vicedecano de Calidade / Coordinador do Título
<b>Comprobación Acción</b>	Finalizada
<b>Descrición Comprobación</b>	A enquisa atópase publicada na páxina web da Facultade na sección de Calidade. <a href="http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/sgic.htm">http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/sgic.htm</a>
<b>Data Comprobación</b>	09/11/2017
<b>Incidencias</b>	O número de enquisados foi moi reducido dando un resultado pouco representativo
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	Actualización do contido e ampliación do número de destinatarios da enquisa.
<b>Documentación</b>	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/sgic.htm">http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/sgic.htm</a>

<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-3 (Curso 2016-2017)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de</b>	Criterio 4 Recursos Humanos
<b>Análise causa</b>	Recomendación Informe de Seguimento: Fomentar a mellora da calidade investigadora do PDI do Departamento de Enfermería
<b>Definición/ descripción proposta</b>	<i>Solicitar aos departamentos e á vicerreitoría competente no tema o recoñecemento de horas equivalentes por investigación no POD</i>
<b>Datas</b>	Finalización: 30/12/2017 Inicio: 2/2/2017
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa Eficacia: Parcial
<b>Responsables</b>	
<b>Comprobación Acción</b>	Finalizada



<p>Descrición Comprobación</p>	<p>Analizouse a incidencia das horas docentes equivalentes (HDE) sobre a actividade investigadora, con respecto a área de Enfermaría:</p> <p>O número de HDE recoñecidas para a área de Enfermaría é de 1001,5 (curso 2017/18). A Comisión de Calidade entende que dese xeito se favorecería o desenvolvemento e a mellora da actividade investigadora do profesorado da área. A Facultade de Enfermaría procede da antiga Escola Universitaria, cuxo PDI non tiña obrigas investigadoras. Isto fai que actualmente a área de Enfermaría non se atope en igualdade de condicións con outras áreas en convocatorias competitivas, o que prexudica a incorporación dos titulados en Enfermaría como PDI da área. O recoñecemento das HDE posibilitaría ampliar a dedicación investigadora do PDI, favorecendo a súa promoción e, sobre todo, a formación de titulados en Enfermaría como doutorandos e futuros doutores suficientemente competitivos como para iniciar carreira académica na universidade.</p> <p>En relación á solicitude de recoñecemento constatouse que o departamento non é competente para resolvelo.</p> <p>Antes de remitir a solicitude ao vicerreitorado, dado que é algo que afecta ao conxunto do PDI, recabarase a posición da Xunta de Facultade ao respecto.</p>
<p>Data Comprobación</p>	<p>9/11/2017</p>
<p>Incidencias</p>	
